



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Convocatoria de ampliación da bolsa de emprego temporal de socorristas

A Alcaldía do Concello de Sada, mediante Decreto núm. 867/22, do 21 de xuño, aprobou a convocatoria de proceso selectivo para ampliación da bolsa de emprego para postos de socorrista para espazos acuáticos naturais aprobada por Decreto da Alcaldía núm. 805/2022, a partir do posto 5.º en adiante da orde de prelación. Para a tramitación do proceso selectivo aplicaranse ás bases específicas aprobadas polo Decreto da Alcaldía núm. 519/2022, do 20 de abril (BOP núm. 78, 26-4-2022), agás no relativo ao prazo de presentación de instancias que se reduce a 4 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As bases están a disposición das persoas interesadas nas oficinas municipais, Unidade de Persoal, Avda. da Mariña, 25, Tfno. 981 620 075, na páxina web municipal www.sada.gal e no taboleiro da sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>

Sada, 21 de xuño de 2022.

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2022/3811